

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2021/1

DATA: xoves 28 de xaneiro de 2021

LUGAR: mediante vídeo conferencia: <https://jitsi.concelloderianxo.gal/Pleno>

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:40 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTANS
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 13 DE 22 DE DECEMBRO DE 2020
2. Aprobación Plan de Acción para o clima e a enerxía (PACE) do Concello de Rianxo.
3. APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.

PARTE DE CONTROL

1. Dación de Conta das Resolucions de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
2. MOCIÓN BNG REPOSICIÓN DE SERVIZOS DE TREN SUPRIMIDOS E PLAN DE MELLORA DA REDE FERROVIARIA E CREACIÓN DO ENTE FERROVIARIO GALEGO
3. MOCIÓN do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, PARA A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DE 2021 DESTINADOS Á LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19
4. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

97555a238111e0210221924484a97a51f9a7c8cf3b054f6780f7af9bae48f553

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=MIPRy3XT4vI>

ACORDOS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 12 DE 26 DE NOVIEMBRE DE 2020

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 12/2020 de 26/11/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/11/2020, Acta nº 12/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 APROBACIÓN PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA (PACE) DO CONCELLO DE RIANXO.

Dáse lectura da proposta presentada:

LOGO DE VER que con data de 29/09/2016 o Pleno da Corporación procedeu aprobar a adhesión ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e de ver que como consecuencia disto con data de 11.12.2020 rematouse o Plan de Acción para o clima e a enerxía (PACE) do Concello de Rianxo asinado pola CONSULTORA Facilita ingeniería, e asinado como se menciona no mesmo por Lidiane Lacerda de Oliveira, Juan M. Álvarez e Cristina Ríos Viqueira, que resulta necesario aprobar polo Pleno da Corporación.

LOGO DE VER o informe desfavorable emitido con data de 05.01.2021 pola Secretaria da Corporación.

LOGO DE VER o informe emitido con data de 13. 01.2021 pola Interventora da Corporación onde se conclúe:

"4. CONCLUSIONES

- O PACES é compatible coa normativa orzamentaria.
- En relación á viabilidade económica do PACES:
 - Considero que o custo medio anual estimado da execución do PACES é tan significativo

dentro do orzamento municipal que non é posible a súa execución sen subvencións doutras Administracións.

◦ A fin de determinar a viabilidade económica das diferentes medidas, considero que é preciso concretar, como mínimo os seguintes extremos:

■ A temporalización de cada acción, detallando: ano de inicio, ano fin, tempo necesario para a súa execución, as que deben realizarse en primeiro lugar (de ser o caso).

■ Dado que no PACES hai medidas que inclúen varias accións, deberíase detallar o custo a nivel de acción, polo menos nos supostos nos que o custo económico é significativo. A finalidade é determinar as que son máis viables e situalas dentro do cronograma do plan. As que non sexan viables poderían descartarse ou condicionarse á obtención de subvencións.

■ A finalidade destas recomendacións é determinar as medidas que son máis asumibles economicamente e as que teñen menos probabilidade de executarse e que dependerían da concesión de subvencións por outras entidades, co fin de mellorar a eficacia do PACES.

◦ As accións previstas no PACES deberán incluírse nos diferentes orzamentos municipais ata o de 2030. Dada a inconcreción das datas de inicio e fin da maioría das medidas, non está determinado en que exercicio deberán executarse. Este aspecto debería clarificarse.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión mellor fundada.”

CONSIDERANDO que o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando pola súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a el, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e alcanzable e que ten sido subscrito xa por mais de 7.000 concellos e entidades de ámbito local da Unión Europea.

TENDO EN CONTA a esixencia por parte da organización do Pacto de Alcaldes polo Clima de que o PACES sexa aprobado polo Pleno da Corporación, pola presente propoño que o Pleno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobar o Plan de Acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Rianxo redactado pola CONSULTORA Facilita ingeniería, e asinado como se menciona no mesmo por Lidiane Lacerda de Oliveira, Juan M. Álvarez e Cristina Ríos Viqueira, que resulta necesario aprobar polo Pleno da Corporación.

SEGUNDO

Dar traslado do presente acordo á organización do Pacto dos Alcaldes pola Clima e Enerxía de Europa.

E este é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación adopte o acordo que considere oportuno.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS, MEDIOAMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, en sesión ordinaria do día 21/01/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Aprobar o Plan de Acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Rianxo redactado pola CONSULTORA Facilita ingeniería, e asinado como se menciona no mesmo por Lidiane Lacerda de Oliveira, Juan M. Álvarez e Cristina Ríos Viqueira, que resulta necesario aprobar polo Pleno da Corporación.

SEGUNDO

Dar traslado do presente acordo á organización do Pacto dos Alcaldes pola Clima e Enerxía de Europa.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), cero votos en contra e tres abstención (dos 3 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

3 APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.

En sesión ordinaria do día 21/01/2021, a COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS, MEDIOAMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, emitiu o seguinte dictame:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 7 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 1 concelleiro/a de Rianxo en Común, 3 concelleiros/as do BNG, e a concelleira de cidadanos), 0 abstencións e 2 votos en contra (2 concelleiros/as do PP), dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.

Aprobar inicialmente o **ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO** cuxo texto se achega como anexo a esta proposta.

SEGUNDO

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de editos da casa do concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña , durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polas persoas interesadas.

TERCEIRO

De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

TEXTO ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.

Preámbulo

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

Como sucede en gran parte do territorio galego, dentro do noso termo municipal as zonas de uso residencial atópanse diseminadas e mesturadas coas zonas forestais, de xeito que nas distintas parroquias conviven os dous usos. A actividade de aproveitamento forestal debe, por tanto, facerse compatible coa conservación dos camiños e coa seguridade viaria, xa que a utilización axeitada dos camiños municipais é un dereito que lle corresponde a toda a cidadanía. Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Todo isto esixe unha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do termo municipal, tanto para previr como para reparar, no seu caso, os danos e deterioracións ocasionados por estas actividades nos camiños e vías municipais.

A regulación desta materia está prevista como unha das competencias dos municipios, segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, entre outras, que trata de regular algúns aspectos parciais dela e sen impacto significativo na actividade económica para os efectos do disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Título I.- Obxecto, fundamento xurídico e ámbito de aplicación.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é protexer os camiños e pistas municipais do termo municipal de Rianxo en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga da madeira, así como a esixencia da responsabilidade por posibles danos producidos neles.

Artigo 2. Fundamento xurídico.

A presente Ordenanza fundaméntase no uso das competencias que lle atribúe ao Concello os artigos 4.1 a) , 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6.1 a) , 80.2 d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 3.1 e 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.

Así mesmo para a aplicación desta ordenanza mediante a presentación dunha comunicación previa fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 84.c), 84 bis e 84.ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

3.1 Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan para a obtención e/ou transporte de madeira de corta, incluíndo tanto calquera das operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos, maquinaria, preparación de terreos de acceso) e as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

3.2 A efectos desta ordenanza non terán a consideración de “ cortas forestais” os seguintes traballos:

- 1 3.2.1 Podas simples e podas de formación en plantacións forestais.
- 2 3.2.2 Rozas e limpeza de predios.
- 3 3.2.3 Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.
- 4 3.2.4 Cortas puntuais ou illadas de menos de 5 exemplares.
- 5 3.2.5 A eliminación dunha situación de perigo para personas ou bens.
- 6 3.2.6 As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para usos domésticos con vehículos agrícolas.

3.3 No suposto de tratarse dunha corta sen aproveitamento madereiro a persona titular do monte deberá comunicar igualmente ao Concello que vai a realizar a corta e indicar o seu motivo (obtención de leña para autoconsumo, enfermidade de especie, situación de perigo para as personas ou bens, etc) ,e achegará o título habilitante da consellería competente.

Título II.- Réxime xurídico da actividade.

Artigo 4.-Procedemento de comunicación previa.

4.1 Para garantir o cumprimento desta ordenanza e así preservar os camiños e vías municipais como consecuencia das sacas de madeira dentro do termo municipal de Rianxo ou, producíndose a corta total ou parcialmente noutro termo municipal, cando a madeira sexa transportada, en todo ou en

parte, por vías municipais do Concello de Rianxo, será obrigatorio presentar nas oficinas do Concello de Rianxo **comunicación previa da corta** segundo o modelo establecido no Anexo I, cunha antelación mínima de 15 días hábiles, xunto coa documentación esixible, todo elo sen perxuízo da necesaria obtención doutros permisos e autorizacións sectoriais pertinentes.

4.2 O escrito de **comunicación previa** será efectuado pola persona física ou xurídica que actúe en calidade de madeireira (é dicir, responsable da corta, a persona que realice as labouras de preparación do terreno, corta, saca, depósito e / ou transporte de madeira. Tamén abrangue a aquelas personas propietarias que realicen algunha destas labouras nas parcelas da súa propiedade, cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización) , segundo modelo Anexo I, debendo constar na mesma o seguinte:

a) Datos de identificación do madeireiro (e de ser o caso, do empresario subcontratado que vai a facer os traballos) e do propietario forestal:

a.1 Persona física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.

a.2 Persona xurídica: razón social, CIF, enderezo, teléfono, nome e apelidos e NIF do representante da empresa.

b) Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira (incluíndo a retirada de madeira da parcela e dos restoballos resultantes).

c) Identificación do/os vehículo/os cos que se desenvolverán os traballos: Marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos.

d) Especie de madeira obxecto de corta.

e) Volume máximo de toneladas que se prevé extraer.

f) Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC da finca ou monte afectado e referencia catastral.

g) Identificación do lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga así como das vías que ser vaian a utilizar para o transporte.

h) Autorizacións sectoriais (de ser o caso):

- Fotocopia cotexada da declaración responsable, comunicación previa, solicitude ou do permiso, autorización, ou licencia ou calquera outro título habilitante que sexa esixible, expedido pola autoridade competente.

Lémbrese a este respecto que en ningún caso se poderán iniciar os traballos de tala sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente cando as parcelas obxecto de actuación estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

i) Fotocopia cotexada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira ou, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a realizar os traballos, que cubra os eventuais danos e perxuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que dito seguro está vixente no momento de realizarse as operacións.

j) Xustificante de ter depositada **a fianza** nos termos e na contía que resulte desta Ordenanza.

4.3 A presentación da comunicación previa levarase a cabo nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Rianxo ou ben a través dalgún dos medios establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

4.4 Unha vez presentada a comunicación previa e a documentación completa, os funcionarios da Policía Local, comprobarán o estado físico dos camiños e vías que vaian a ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.

O Concello de Rianxo establece un prazo de 15 días hábiles para declarar completa a documentación presentada, por este motivo a comunicación deberá presentarse alo menos con esta antelación á realización das tarefas.

4.5 De estaren realizándose os traballos sen que a empresa madeireira ou a persona propietaria do monte ou predio forestal cumprisen coa obrigaón a que se refire este artigo, o Concello lles requerirá para que no prazo de 24 horas presenten un escrito de posta en coñecemento da actividades, co mesmo contido que a comunicación previa, sen perxuízo de que o Concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

De estaren realizándose os traballos e da comunicación previa presentada resulta a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento achegado, se requerirá ao interesado para que a enmende no prazo de 24 horas, sen perxuízo de que o Concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

4.6 De non cumprir co previsto no número anterior ordenarase, no primeiro caso o cese definitivo da actividade, e no segundo, logo de audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación coa prohibición definitiva de exercicio da actividade, todo isto sen perxuízo da sanción que corresponda.

4.7 O concello resérvase o dereito a propoñer cambios na ruta de acceso proposta ou denegar ou limitar o acceso e/ou depósito por calquera das vías indicadas na comunicación previa, de forma motivada por mor da capacidade do firme da vía ou o seu mal estado, ou pola utilización dos viarios na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada, o que se porá en coñecemento do interesado achegando o correspondente informe técnico ou da Policía local emitido ao respecto.

5.- Obrigas dos/as madeiros/as ou propietarios/as que realicen a corta e o depósito, carga e transporte da madeira cortada. Responsabilidade derivada do incumprimento das mesmas.

5.1 Son obrigas do/a madeiro/a encargado /a de realizar as operacións de saca de madeira as seguintes:

- a. Presentar o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.
- b. Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción ou depósito da madeira consonte á normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- c. Limpar, retirar ou assimilar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñasn antes de levarse a cabo esas operacións. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- d. Limpar as superficies dos montes e terrenos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituir risco de incendio.
- e. Repor ao seu estado anterior as rampas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- f. Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares de corta, vías de acceso, instalacións e demais infraestructuras, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.
- g. Constituir a prol do concello de Rianxo a garantía conforme ao establecido nesta Ordenanza.
- h. Os depósitos de rolla, ramas ou podllas non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de personas, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontellas, ou calquera outra infraestructura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a vitar riscos para as personas usuarias.
- i. As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

j. Non se poderán realizar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movemento de terra suxeito a licencia.

5.2 Responsabilidade.

5.2.1 O madeireiro encargado da corta será a responsable directamente de todos os danos e perxuízos producidos ás personas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Rianxo velará para que ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

5.2.2 A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persona, que de ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e en xeral, polos cometidos por aquelas personas de quen deba responder. No caso de que o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables subsidiarios do cumprimento das obrigas indicadas no apartado primeiro do presente artigo, os propietarios dos montes ou parcelas de que se trate.

5.2.3 Todo isto enténdese en perxuízo da imposición de sancións que correspondan polos incumprimentos deste ordenanza, conforme ao establecido no Título II da mesma.

Artigo 6 Fianza.

6.1 O responsable da corta está obrigado a depositar unha garantía a favor do concello co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza.

Únicamente admitiranse garantías en metálico ou avais bancarios.

6.2 Establécense dúas categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte de madeira cortada:

Vehículos con peso máximo autorizado non superior a 16 TN:	3.000 € /comunicación previa de corta
Vehículos con peso máximo autorizado superior a 16 TN:	5.000 €/comunicación previa de corta

6.3 No caso de que a garantía achegada sexa o aval bancario, o mesmo outorgarase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requerimento do Concello de Rianxo.

O aval terá vixencia idenfinida, permanecendo en vigor ata que o Concello de Rianxo, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co disposto na Ordenanza non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas, con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Rianxo, e demais normativa de réxime local aplicable. No aval deberá figurar o número de expediente administrativo.

6.4 No caso de que a garantía achegada sexa fianza, ésta constituirase mediante carta de pago emitida ao efecto polo Concello de Rianxo, na que figurará o número de expediente administrativo.

6.5 O interesado está obrigado a comunicar o remate dos traballos nun prazo máximo de 7 días naturais ao momento no que os termine. Unha vez feita a anterior comunicación a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completarase nun prazo de 30 días naturais, logo de que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestructuras, no dominio público ou en calquera clase de bens sobre os que o Concello teña o deber de velar.

6.6 Se o Concello constatase a produción de danos dos que deba facerse cargo o responsable da corta, incluída a acumulación de restos procedentes de operacións de carga e almacenamento, lle requirirá para que os repare coa advertencia de que, transcorrido o prazo de 7 días naturais contados dende o requerimento sen que o faga, o Concello poderá executar subsidiariamente, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen perxuízo da sanción que proceda.

No caso de non atender ao requerimento anterior ou de incumprimento defectuoso e logo de obter os antecedentes que se estimen oportunos, os Servizos Técnicos Municipais elaborarán un informe para determinar os custos derivados da execución subsidiaria, e de esixencia de responsabilidade, con proposta de incautación de garantía e liquidación provisional, de resultar aquela insuficiente.

O responsable da corta disporá dun trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles para efectuar alegacións e valerse dos medios de proba que estime oportunos, logo do cal o concello adoptará resolución que concluirá coa declaración de inexistencia de responsabilidade decretando a devolución da garantía, ou coa declaración da existencia de responsabilidade, ordenando a incautación total ou parcial da garantía e aprobando a liquidación provisional polos gastos non cubertos por aquela, de ser o caso.

Dita liquidación constitúe un recurso de dereito público, polo que de non ingresarse nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria, poderá esixirse pola vía de constrinximento.

6.7. Esta responsabilidade regulada neste precepto é independente da apertura do expediente sancionador que corresponda por mor dos incumprimentos en que incorran os interesados.

6.8. As garantías reguladas neste precepto serán igualmente esixidas cando a corta se estea a realizar noutro termo municipal, pero os vehículos teñan que circular por algún camiño de titularidade do Concello de Rianxo. Para tal efecto, deberase efectuar a comunicación previa nos termos indicados na presente ordenanza, de forma que unha vez se teña coñecemento desta circunstancia sen ter efectuado comunicación, procederase a realizar o oportuno requerimento ao madeireiro/a responsable.

Título II: Infraccións e sancións.

Artigo 7.- Infraccións.

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nela. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición das correspondentes sancións aos responsables, ademáis da obriga de facer as reparacións dos danos, do mantemento e de limpeza das vías, así como de indemnizar a quen resulte perxudicado polos danos derivados da súa actuación.

2. As infraccións desta ordenanza se cualifican en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións **moi graves**:

a. Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

b. Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen presentar , no prazo que se lle indicou unha vez que foi requerido polo concello, o escrito de comunicación previa ou de enmenda da comunicación defectuosamente presentada.

c. Non realizar os traballos necesarios para que as pistas, camiños e espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos e realizado o requerimento por parte do Concello.

d. A realización dos traballos de saca de madeira usando pistas, camiños, ou espazos públicos municipais respecto dos cales se lle denegara por parte do Concello a súa utilización.

e. A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes en vía administrativa.

4. Constitúen faltas **graves**:

a. Realizar os traballos de saca de madeira sen ter presentado o escrito de comunicación previa, aínda que se achegue despois de ser requerido polo Concello.

b. Realizar os traballos de saca de madeira sen ter presentado a comunicación previa coa antelación prevista no artigo 4 da presente ordenanza, aínda que se enmendase despois de ser requerido polo Concello.

c. Ocultar ou falsear os datos e documentos presentados en relación con esta ordenanza.

d. Incumprimento por parte do propietario do monte ou parcela da obriga de identificar o madeiro.

e. A comisión no prazo dun ano de dúas faltas leves que sexan firmes en vía administrativa.

5. Constitúen faltas leves: calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 8.- Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

a. Infraccións leves: multa de ata 750,00 euros.

b. Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 euros a 1500 euros.

c. Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1500,01 a 3.000 euros.

2. Gradación das sancións:

Para a gradación das sancións atenderase:

* á natureza do risco ou dano ocasionado, considerando dano extremo dificultar e/ou impedir o tráfico normal de vehículos e personas polas vías públicas municipais.

* á súa repercusión e transcendencia polo que respecto ao perxuízo causado

* ó custo de restitución.

* á existencia de intencionalidade ou reiteración na comisión de infraccións desta ordenanza.

* ó retraso inxustificable na reparación dos elementos danados.

Artigo 9.- Responsabilidade.

9.1 Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo 8 as personas físicas ou xurídicas que as cometan en calidade de madeiros ou propietario do monte ou parcela.

9.2 Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeiros, unha vez sexan requeridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción do requerimento.

Artigo 10.- Procedemento.

1. O exercicio da postetade sancionadora prevista nesta Ordenanza requirirá a incoación e instrucción do correspondente expediente administrativo consonte ao establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

2. De xeito específico indícase que as multas e sancións determinadas inicialmente no acordo de incoación do procedemento sancionador reduciranse na súa contía nun 50% sempre que no prazo de 15 días, contados a partir da notificación daquel, a persona infractora mostre por escrito a súa conformidade con elas, e pague e renuncie expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

3. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo das correspondentes responsabilidades de calquera outra índole, tanto administrativas como civís ou penais en que puidese incurrir.

4. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar.

5. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o señor Alcalde ou concelleiro en quen delegue, consonte ao establecido no artigo 21.1 h) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

A instrucción exercerase pola persona que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer na persona en quen tivera competencia para resolver o mesmo.

A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 11.- Prescripción das infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, que se computarán dende o día en que se tivera cometido a infracción.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos, e as impostas por faltas leves ao ano, que se computarán dende o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Primeira: En cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei //1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previstos no artigo 65.2 do citado texto legal.

Segunda: O modelo normalizado de escrito de comunicación previa manterase permanentemente actualizado e publicado na páxina web municipal.

A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I

Comunicación previa para actividade de depósito, carga e transporte da madeira procedente da corta forestal.

DATOS MADEREIRO	
Nome e apelidos/razón social	D.N.I. - C.I.F.:
Enderezo a efectos de notificación	
Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia
REPRESENTANTE	
Nome e apelidos	
DNI	

Enderezo a efectos de notificación	
Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia
EXPÓN: Que pretende realizar os traballos de corta de madeira	

DATOS DA/S PARCELA/S		
(no caso de que se fagan varios traballos simultaneamente reflectir os datos de todas as parcelas afectadas)		
Referencia catastral	Superficie da parcela	Superficie talada
Coordenadas UTM	Polígono	Parcela
Especie	Lugar - Parroquia	

DATOS PROPIETARIO DA PARCELA		
Nome e apelidos/razón social		D.N.I. - C.I.F.:
Enderezo a efectos de notificación	Municipio	Provincia
Dirección electrónica/email a efecto de notificacións		
Teléfono	Código Postal	

DATOS DA MAQUINARIA E CAMIÓNS DE TRANSPORTE			
TIPO MAQUINARIA	MODELO	MATRICULA	P.M.A.

DURACIÓN ESTIMADA DOS TRABALLOS	Tm. DE MADEIRA A TALAR (APROX.)
Data inicio:	Data remate: (aprox.)
Lugar onde se depositará a madeira:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar a que se achega)

- Fotocopia do CIF/NIF do/a solicitante e, no seu caso do/a representante
- Fotocopia da comunicación previa, declaración responsable, solicitude ou do permiso, autorización ou licencia de corta.
- Autorización/s sectorial correspondente/s (se procede)
- Xustificante de pago da fianza o artigo 6 da Ordenanza reguladora
- Plano identificando o lugar de deposito e das vías a utilizar para o transporte de madeira.
- Identificación en plano de Catastro ou SIXPAC da finca ou monte afectado coa súa referencia catastral.
- Fotocopia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar e do último recibo pagado.
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante depósito de fianza.
- **O INTERESADO DECLARA COÑECER A OBRIGA PREVISTA NO ARTIGO 6.4 DA ORDENANZA**

REGULADORA, DE COMUNICAR AO CONCELLO O REMATE DOS TRABALLOS NUN PRAZO MÁXIMO DE 7 (SETE) DÍAS NATURAIS CONTADOS DENDE QUE OS TERMINE.

En a de de 20.....

Asdo. _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIANXO"

Antes de tratarse o asunto na presente sesión plenaria o Concelleiro do grupo municipal PP Francisco Rubio Vicente, perde a conexión a sesión plenaria.

Conforme ao establecido no artigo 97 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, preséntase por escrito rexistrado de entrada co número 258 de 28.01.2021, **ENMENDA** ao ditame da Comisión Informativa anteriormente indicado, propoñendo a modificación da Proposta inicial da Alcaldía nos seguintes termos:

"Modificación do punto 6.2 do Texto da Ordenanza municipal non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas, con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Rianxo coa seguinte redacción:

6.2 Establécense dúas categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte de madeira cortada:

<i>Vehículos con peso máximo autorizado non superior a 16 TN:</i>	<i>1.500 € /comunicación previa de corta</i>
<i>Vehículos con peso máximo autorizado superior a 16 TN:</i>	<i>3.000 € /comunicación previa de corta</i>

"

O señor Alcalde explica a enmenda, di que se trata dun erro que se arrastra na proposta inicial de Alcaldía, cando se manexaban tres tipos de garantías en función doutra categoría de tonelaxe e que por erro material ao suprimir unha das categorías se modificaron as contías deixando as máis elevadas cando a idea era deixar as contías en 1500 e 3000 euros respectivamente.

Sometida a **votación a ENMENDA** transcrita, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo PP) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos

termos desta

Aprobada a enmenda, sométese acto seguido a votación a PROPOSTA DE ALCALDÍA que foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa pero modificada coa enmenda aprobada, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo PP) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resultando APROBADO O SEGUINTE ACORDO:**

APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.

Como sucede en gran parte do territorio galego, dentro do noso termo municipal as zonas de uso residencial atópanse diseminadas e mesturadas coas zonas forestais, de xeito que nas distintas parroquias conviven os dous usos. A actividade de aproveitamento forestal debe, por tanto, facerse compatible coa conservación dos camiños e coa seguridade viaria, xa que a utilización axeitada dos camiños municipais é un dereito que lle corresponde a toda a cidadanía. Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado. Todo isto esixe unha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do termo municipal, tanto para previr como para reparar, no seu caso, os danos e deterioracións ocasionados por estas actividades nos camiños e vías municipais.

Así a presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

Antecedentes levados a cabo para a súa elaboración :

En data de 26.11.2020 remítese un primeiro Borrador de Ordenanza proposto por alcaldía a distintos os departamentos e posteriormente elaborouse un segundo borrador coas observacións dos departamentos municipais (secretaría e tesourería).

O 11.12.2020 a Alcaldía solicita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir a secretaria municipal, informe que se emite en data de 11.12.2020.

O 16.12.2020 sométese o borrador de ORDENANZA a consulta previa prevista no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, publicándose anuncio na web municipal (<https://concelloderianxo.gal>), e na sede electrónica municipal (<https://sede.concelloderianxo.gal/opencms/gl>), do Concello Rianxo dende o 17 de decembro de 2020

ata 31 de decembro de 2020 (ambos inclusive) co obxecto de dar audiencia á cidadanía e ás asociacións afectadas, e solicitar cantas achegas adicionais poidan facer outras persoas ou entidades. Non consta a formulación de opinións, escritos, alegacións ao respecto durante o citado trámite segundo certificado obrante no expediente.

E tendo en conta que, conforme co artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.

Aprobar inicialmente o **ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO** cuxo texto se achega como anexo a esta proposta.

SEGUNDO

Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de editos da casa do concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña , durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polas persoas interesadas.

TERCEIRO

De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

TEXTO ORDENANZA MUNICIPAL NON FISCAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS , CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE CORTAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE RIANXO.

Preámbulo

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

Como sucede en gran parte do territorio galego, dentro do noso termo municipal as zonas de uso residencial atópanse diseminadas e mesturadas coas zonas forestais, de xeito que nas distintas parroquias conviven os dous usos. A actividade de aproveitamento forestal debe, por tanto, facerse compatible coa conservación dos camiños e coa seguridade viaria, xa que a utilización axeitada dos

camiños municipais é un dereito que lle corresponde a toda a cidadanía. Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Todo isto esixe unha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do termo municipal, tanto para previr como para reparar, no seu caso, os danos e deterioracións ocasionados por estas actividades nos camiños e vías municipais.

A regulación desta materia está prevista como unha das competencias dos municipios, segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, entre outras, que trata de regular algúns aspectos parciais dela e sen impacto significativo na actividade económica para os efectos do disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Título I.- Obxecto, fundamento xurídico e ámbito de aplicación.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é protexer os camiños e pistas municipais do termo municipal de Rianxo en relación cos danos e deterioracións que poden sufrir como consecuencia das operacións de corta, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga da madeira, así como a esixencia da responsabilidade por posibles danos producidos neles.

Artigo 2. Fundamento xurídico.

A presente Ordenanza fundaméntase no uso das competencias que lle atribúe ao Concello os artigos 4.1 a) , 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6.1 a) , 80.2 d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 3.1 e 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.

Así mesmo para a aplicación desta ordenanza mediante a presentación dunha comunicación previa fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 84.c), 84 bis e 84.ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

3.1 Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan para a obtención e/ou transporte de madeira de corta, incluíndo tanto calquera das operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos, maquinaria, preparación de terreos de acceso) e as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

3.2 A efectos desta ordenanza non terán a consideración de “ cortas forestais” os seguintes traballos:

7 3.2.1 Podas simples e podas de formación en plantacións forestais.

8 3.2.2 Rozas e limpeza de predios.

9 3.2.3 Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.

10 3.2.4 Cortas puntuais ou illadas de menos de 5 exemplares.

11 3.2.5 A eliminación dunha situación de perigo para personas ou bens.

12 3.2.6 As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para usos domésticos con vehículos agrícolas.

3.3 No suposto de tratarse dunha corta sen aproveitamento madereiro a persona titular do monte deberá comunicar igualmente ao Concello que vai a realizar a corta e indicar o seu motivo (obtención de leña para autoconsumo, enfermidade de especie, situación de perigo para as personas ou bens, etc) ,e achegará o título habilitante da consellería competente.

Título II.- Réxime xurídico da actividade.

Artigo 4.-Procedemento de comunicación previa.

4.1 Para garantir o cumprimento desta ordenanza e así preservar os camiños e vías municipais como consecuencia das sacas de madeira dentro do termo municipal de Rianxo ou, producíndose a corta total ou parcialmente noutro termo municipal, cando a madeira sexa transportada, en todo ou en parte, por vías municipais do Concello de Rianxo, será obrigatorio presentar nas oficinas do Concello de Rianxo **comunicación previa da corta** segundo o modelo establecido no Anexo I, cunha antelación mínima de 15 días hábiles, xunto coa documentación esixible, todo elo sen perxuízo da necesaria obtención doutros permisos e autorizacións sectoriais pertinentes.

4.2 O escrito de **comunicación previa** será efectuado pola persona física ou xurídica que actúe en calidade de madeireira (é dicir, responsable da corta, a persona que realice as labouras de preparación do terreno,corta, saca, depósito e / ou transporte de madeira. Tamén abrangue a aquelas personas

propietarias que realicen algunha destas labouras nas parcelas da súa propiedade, cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización), segundo modelo Anexo I, debendo constar na mesma o seguinte:

a) Datos de identificación do madeireiro (e de ser o caso, do empresario subcontratado que vai a facer os traballos) e do propietario forestal:

a.1 Persona física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.

a.2 Persona xurídica: razón social, CIF, enderezo, teléfono, nome e apelidos e NIF do representante da empresa.

b) Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira (incluíndo a retirada de madeira da parcela e dos restroballos resultantes).

c) Identificación do/os vehículo/os cos que se desenvolverán os traballos: Marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos.

d) Especie de madeira obxecto de corta.

e) Volume máximo de toneladas que se prevé extraer.

f) Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC da finca ou monte afectado e referencia catastral.

g) Identificación do lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga así como das vías que ser vaian a utilizar para o transporte.

h) Autorizacións sectoriais (de ser o caso):

- Fotocopia cotexada da declaración responsable, comunicación previa, solicitude ou do permiso, autorización, ou licencia ou calquera outro título habilitante que sexa esixible, expedido pola autoridade competente.

Lémbrese a este respecto que en ningún caso se poderán iniciar os traballos de tala sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente cando as parcelas obxecto de actuación estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

i) Fotocopia cotexada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira ou, de ser o caso, do empresario subcontratado que vaia a realizar os traballos, que cubra

os eventuais danos e perxuizos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que dito seguro está vixente no momento de realizarse as operacións.

j) Xustificante de ter depositada **a fianza** nos termos e na contía que resulte desta Ordenanza.

4.3 A presentación da comunicación previa levarase a cabo nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Rianxo ou ben a través dalgún dos medios establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

4.4 Unha vez presentada a comunicación previa e a documentación completa, os funcionarios da Policía Local, comprobarán o estado físico dos camiños e vías que vaian a ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.

O Concello de Rianxo establece un prazo de 15 días hábiles para declarar completa a documentación presentada, por este motivo a comunicación deberá presentarse alo menos con esta antelación á realización das tarefas.

4.5 De estaren realizándose os traballos sen que a empresa madeireira ou a persona propietaria do monte ou predio forestal cumprisen coa obrigaçión a que se refire este artigo, o Concello lles requirirá para que no prazo de 24 horas presenten un escrito de posta en coñecemento da actividades, co mesmo contido que a comunicación previa, sen perxuizo de que o Concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

De estaren realizándose os traballos e da comunicación previa presentada resulta a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento achegado, se requirirá ao interesado para que a enmende no prazo de 24 horas, sen perxuizo de que o Concello poida ordenar a súa inmediata suspensión.

4.6 De non cumprir co previsto no número anterior ordenarase, no primeiro caso o cese definitivo da actividade, e no segundo, logo de audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación coa prohibición definitiva de exercicio da actividade, todo isto sen perxuizo da sanción que corresponda.

4.7 O concello resérvase o dereito a propoñer cambios na ruta de acceso proposta ou denegar ou limitar o acceso e/ou depósito por calquera das vías indicadas na comunicación previa, de forma motivada por mor da capacidade do firme da vía ou o seu mal estado, ou pola utilización dos viarios na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada, o que se porá en coñecemento do interesado achegando o correspondente informe técnico ou da Policía local emitido ao respecto.

5.- Obrigas dos/as madeiros/as ou propietarios/as que realicen a corta e o depósito, carga e transporte da madeira cortada. Responsabilidade derivada do incumprimento das mesmas.

5.1 Son obrigas do/a madeiro/a encargado /a de realizar as operacións de saca de madeira as seguintes:

- a. Presentar o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.
- b. Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción ou depósito da madeira consonte á normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- c. Limpar, retirar ou assimilar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñasn antes de levarse a cabo esas operacións. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- d. Limpar as superficies dos montes e terrenos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituir risco de incendio.
- e. Repor ao seu estado anterior as rampas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- f. Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares de corta, vías de acceso, instalacións e demais infraestructuras, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.
- g. Constituir a prol do concello de Rianxo a garantía conforme ao establecido nesta Ordenanza.
- h. Os depósitos de rolla, ramas ou podllas non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de personas, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontellas, ou calquera outra infraestructura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a vitar riscos para as personas usuarias.
- i. As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.
- j. Non se poderán realizar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movemento de terra suxeito a licencia.

5.2 Responsabilidade.

5.2.1 O madeiro encargado da corta será a responsable directamente de todos os danos e perxuizos

producidos ás personas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Rianxo velará para que ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

5.2.2 A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persona, que de ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e en xeral, polos cometidos por aquelas personas de quen deba responder. No caso de que o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables subsidiarios do cumprimento das obrigas indicadas no apartado primeiro do presente artigo, os propietarios dos montes ou parcelas de que se trate.

5.2.3 Todo isto enténdese en perxuízo da imposición de sancións que correspondan polos incumprimentos deste ordenanza, conforme ao establecido no Título II da mesma.

Artigo 6 Fianza.

6.1 O responsable da corta está obrigado a depositar unha garantía a favor do concello co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza.

Únicamente admitiranse garantías en metálico ou avais bancarios.

6.2 Establécense dúas categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte de madeira cortada:

Vehículos con peso máximo autorizado non superior a 16 TN:	1.500 € /comunicación previa de corta
Vehículos con peso máximo autorizado superior a 16 TN:	3.000 €/comunicación previa de corta

6.3 No caso de que a garantía achegada sexa o aval bancario, o mesmo outorgarase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requerimento do Concello de Rianxo.

O aval terá vixencia idenfinida, permanecendo en vigor ata que o Concello de Rianxo, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co disposto na Ordenanza non fiscal reguladora da protección dos camiños e vías públicas, con motivo da execución de cortas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Rianxo, e demais normativa de réxime local aplicable. No aval deberá figurar o número de expediente administrativo.

6.4 No caso de que a garantía achegada sexa fianza, ésta constituirase mediante carta de pago emitida ao efecto polo Concello de Rianxo, na que figurará o número de expediente administrativo.

6.5 O interesado está obrigado a comunicar o remate dos traballos nun prazo máximo de 7 días naturais ao momento no que os termine. Unha vez feita a anterior comunicación a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, logo de que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas, no dominio público ou en calquera clase de bens sobre os que o Concello teña o deber de velar.

6.6 Se o Concello constatase a produción de danos dos que deba facerse cargo o responsable da corta, incluída a acumulación de restos procedentes de operacións de carga e almacenamento, lle requirirá para que os repare coa advertencia de que, transcorrido o prazo de 7 días naturais contados dende o requerimento sen que o faga, o Concello poderá executar subsidiariamente, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen perxuízo da sanción que proceda.

No caso de non atender ao requerimento anterior ou de incumprimento defectuoso e logo de obter os antecedentes que se estimen oportunos, os Servizos Técnicos Municipais elaborarán un informe para determinar os custos derivados da execución subsidiaria, e de esixencia de responsabilidade, con proposta de incautación de garantía e liquidación provisional, de resultar aquela insuficiente.

O responsable da corta disporá dun trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles para efectuar alegacións e valerse dos medios de proba que estime oportunos, logo do cal o concello adoptará resolución que concluirá coa declaración de inexistencia de responsabilidade decretando a devolución da garantía, ou coa declaración da existencia de responsabilidade, ordenando a incautación total ou parcial da garantía e aprobando a liquidación provisional polos gastos non cubertos por aquela, de ser o caso.

Dita liquidación constitúe un recurso de dereito público, polo que de non ingresarse nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria, poderá esixirse pola vía de constrinximento.

6.7. Esta responsabilidade regulada neste precepto é independente da apertura do expediente sancionador que corresponda por mor dos incumprimentos en que incorran os interesados.

6.8. As garantías reguladas neste precepto serán igualmente esixidas cando a corta se estea a realizar noutro termo municipal, pero os vehículos teñan que circular por algún camiño de titularidade do Concello de Rianxo. Para tal efecto, deberase efectuar a comunicación previa nos termos indicados na presente ordenanza, de forma que unha vez se teña coñecemento desta circunstancia sen ter efectuado comunicación, procederase a realizar o oportuno requerimento ao madeiro/a responsable.

Título II: Infraccións e sancións.

Artigo 7.- Infraccións.

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nela. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición das correspondentes sancións aos responsables, ademáis da obriga de facer as reparacións dos danos, do mantemento e de limpeza das vías, así como de indemnizar a quen resulte perxudicado polos danos derivados da súa actuación.

2. As infraccións desta ordenanza se cualifican en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións **moi graves**:

a. Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

b. Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen presentar, no prazo que se lle indicou unha vez que foi requerido polo concello, o escrito de comunicación previa ou de enmenda da comunicación defectuosamente presentada.

c. Non realizar os traballos necesarios para que as pistas, camiños e espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos e realizado o requerimento por parte do Concello.

d. A realización dos traballos de saca de madeira usando pistas, camiños, ou espazos públicos municipais respecto dos cales se lle denegara por parte do Concello a súa utilización.

e. A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes en vía administrativa.

4. Constitúen faltas **graves**:

a. Realizar os traballos de saca de madeira sen ter presentado o escrito de comunicación previa, aínda que se achegue despois de ser requerido polo Concello.

b. Realizar os traballos de saca de madeira sen ter presentado a comunicación previa coa antelación prevista no artigo 4 da presente ordenanza, aínda que se enmendase despois de ser requerido polo Concello.

c. Ocultar ou falsear os datos e documentos presentados en relación con esta ordenanza.

d. Incumprimento por parte do propietario do monte ou parcela da obriga de identificar o madeiro.

e. A comisión no prazo dun ano de dúas faltas leves que sexan firmes en vía administrativa.

5. Constitúen faltas leves: calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 8.- Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

a. Infraccións leves: multa de ata 750,00 euros.

b. Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 euros a 1500 euros.

c. Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1500,01 a 3.000 euros.

2. Gradación das sancións:

Para a gradación das sancións atenderase:

* á natureza do risco ou dano ocasionado, considerando dano extremo dificultar e/ou impedir o tráfico normal de vehículos e personas polas vías públicas municipais.

* á súa repercusión e transcendencia polo que respecto ao perxuízo causado

* ó custo de restitución.

* á existencia de intencionalidade ou reiteración na comisión de infraccións desta ordenanza.

* ó retraso inxustificado na reparación dos elementos danados.

Artigo 9.- Responsabilidade.

9.1 Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo 8 as personas físicas ou xurídicas que as cometan en calidade de madeiros ou propietario do monte ou parcela.

9.2 Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeiros, unha vez sexan requeridos polo Concello, e transcorrido o

prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción do requerimento.

Artigo 10.- Procedemento.

1. O exercicio da postetade sancionadora prevista nesta Ordenanza requirirá a incoación e instrucción do correspondente expediente administrativo consonte ao establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

2. De xeito específico indícase que as multas e sancións determinadas inicialmente no acordo de incoación do procedemento sancionador reduciranse na súa contía nun 50% sempre que no prazo de 15 días, contados a partir da notificación daquel, a persona infractora mostre por escrito a súa conformidade con elas, e pague e renuncie expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.

3. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo das correspondentes responsabilidades de calquera outra índole, tanto administrativas como civís ou penais en que puidese incurrir.

4. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar.

5. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o señor Alcalde ou concelleiro en quen delegue, consonte ao establecido no artigo 21.1 h) da Lei 7/1985 de bases do réxime local.

A instrucción exercerase pola persona que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer na persona en quen tivera competencia para resolver o mesmo.

A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 11.- Prescripción das infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, que se computarán dende o día en que se tivera cometido a infracción.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos, e as impostas por faltas leves ao ano, que se computarán dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Primeira: En cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei //1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previstos no artigo 65.2 do citado texto legal.

Segunda: O modelo normalizado de escrito de comunicación previa manterase permanentemente actualizado e publicado na páxina web municipal.

A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I

Comunicación previa para actividade de depósito, carga e transporte da madeira procedente da corta forestal.

DATOS MADEREIRO	
Nome e apelidos/razón social	D.N.I. - C.I.F.:
Enderezo a efectos de notificación	
Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia
REPRESENTANTE	
Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo a efectos de notificación	
Código Postal	Teléfono
Municipio	Provincia

EXPÓN: Que pretende realizar os traballos de corta de madeira	

DATOS DA/S PARCELA/S		
(no caso de que se fagan varios traballos simultaneamente reflectir os datos de todas as parcelas afectadas)		
Referencia catastral	Superficie da parcela	Superficie talada
Coordenadas UTM	Polígono	Parcela
Especie	Lugar - Parroquia	

DATOS PROPIETARIO DA PARCELA		
Nome e apelidos/razón social		D.N.I. - C.I.F.:
Enderezo a efectos de notificación	Municipio	Provincia
Dirección electrónica/email a efecto de notificacións		
Teléfono	Código Postal	

DATOS DA MAQUINARIA E CAMIÓNS DE TRANSPORTE			
TIPO MAQUINARIA	MODELO	MATRICULA	P.M.A.

DURACIÓN ESTIMADA DOS TRABALLOS	Tm. DE MADEIRA A TALAR (APROX.)
Data inicio:	Data remate: (aprox.)
Lugar onde se depositará a madeira:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar a que se achega)

- Fotocopia do CIF/NIF do/a solicitante e, no seu caso do/a representante
- Fotocopia da comunicación previa, declaración responsable, solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.
- Autorización/s sectorial correspondente/s (se procede)
- Xustificante de pago da fianza o artigo 6 da Ordenanza reguladora
- Plano identificando o lugar de deposito e das vías a utilizar para o transporte de madeira.
- Identificación en plano de Catastro ou SIXPAC da finca ou monte afectado coa súa referencia catastral.
- Fotocopia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar e do último recibo pagado.
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante depósito de fianza.

- **O INTERESADO DECLARA COÑECER A OBRIGA PREVISTA NO ARTIGO 6.4 DA ORDENANZA REGULADORA, DE COMUNICAR AO CONCELLO O REMATE DOS TRABALLOS NUN PRAZO MÁXIMO DE 7 (SETE) DÍAS NATURAIS CONTADOS DENDE QUE OS TERMINE.**

En a de de 20.....

Asdo. _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIANXO

PARTE DE CONTROL

1 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa o Pleno das resolucións da Alcaldía da 682/2020 á 781/2020 ditadas no mes de NOVIEMBRE, e as resolucións da Alcaldía da 782/2020 á 881/2020 ditadas no mes de DECEMBRO que foron trasladadas ás persoas que compoñen o Pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

A Presidencia informa o Pleno das actas da Xunta de Goberno que foron trasladadas ás concelleiras e aos concelleiros xunto coa convocatoria desta sesión:

13 Acta nº 16 en sesión ordinaria de 05/11/2020

14 Acta nº 17 en sesión ordinaria de 19/11/2020

15 Acta nº 18 en sesión ordinaria de 03/12/2020

16 Acta nº 19 en sesión ordinaria de 17/12/2020

O PLENO DA CORPORACIÓN TOMA COÑECEMENTO.

2 MOCIÓN BNG REPOSICIÓN DE SERVIZOS DE TREN SUPRIMIDOS E PLAN DE MELLORA DA REDE FERROVIARIA E CREACIÓN DO ENTE FERROVIARIO GALEGO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a REPOSICIÓN DE SERVIZOS DE TREN SUPRIMIDOS E PLAN DE MELLORA DA REDE FERROVIARIA E CREACIÓN DO ENTE FERROVIARIO GALEGO, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo PP) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse conta da Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A pandemia da COVID foi utilizada como escusa polo goberno central para suprimir servizos ferroviarios en Galiza tanto interiores como de conexión con outros territorios. Se ben a redución de servizos estaba xustificada durante o estado de alarma e as fases do chamado

“desconfinamento”, a realidade é que moitos dos trens seguen sen circular.

RENFE anunciou que os servizos serían recuperados "a medida que a demanda o vaia pedindo". Mais en pleno mes de setembro, co reinicio da actividade laboral e escolar, un terzo dos servizos de media distancia seguen suprimidos. E o mesmo ocorre coas conexións co exterior, como os comboios que unen Galiza con Euskadi e mais con Madrid, o primeiro suprimido desde marzo e o segundo reducido a tres servizos diarios. O mesmo acontece cos trens hotel entre Galiza e Madrid e Galiza e Barcelona eliminados desde o inicio do estado de alarma.

En canto ás conexións de media distancia, reducíronse servizos entre Ferrol-Ortigueira-Ribadeo, A Coruña-Ferrol, A Coruña-Monforte, Vigo-León, Vigo-Pontevedra. No caso da liña Vigo-Porto só existe un servizo diario e o mesmo ocorre na liña Vigo-Ourense-Ponferrada.

2. Cómpre ter en conta que a situación previa á pandemia era xa de por si precaria, debido á drástica redución de servizos, ao peche de estacións, e á falta de investimentos na modernización das infraestruturas e nos equipamentos que se produce na maior parte das liñas. Cómpre tamén deixar claro que a política de redución de servizos foi executada na última década polos gobernos do Estado, maioritariamente por gobernos do PP, maioritariamente coa complicidade da Xunta de Galiza.

Esta situación viuse agravada polo incumprimento do compromiso do PP e do goberno galego para crear o Ente Ferroviario Galego, así como a Xefatura de Proximidade para Galiza que era o instrumento necesario para a posta en marcha dos servizos ferroviarios de cercanías. Como consecuencia deste desleixo, Galiza sofre o agravio de non contar con tren de cercanías, un servizo co que si contan outras comunidades como Asturias, Cantabria, Euskadía ou Navarra.

3. A crise ambiental que vive o planeta e que tamén sofre Galiza esixe cambiar os modos de mobilidade e apostar de maneira decidida pola mobilidade sustentábel. Neste contexto, o ferrocarril debe ser obxecto dunha política decidida de fomento e mellora, como alternativa saudábel, sostíbel e segura a modos contaminantes como o automóbil ou o avión.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG traslada a seguinte proposta de acordo:

Instar á Xunta a que demande do goberno central:

- 1.- A reposición dos servizos ferroviarios de media distancia e de comunicación co exterior suprimidos con motivo do estado de alarman.
- 2.- Un Plan extraordinario de investimentos para a modernización e mellora da rede ferroviaria galega que inclúa con carácter prioritario as seguintes liñas:

- Ourense – Lugo
- Lugo Coruña-Ferrol

- Coruña – Ferrol.
- Ferrol-Ribadeo
- Vigo – Ourense
- Vigo – Porto

Asemade, instar á Xunta a impulsar a creación do Ente Ferroviario Galego e do servizo ferroviario de cercanías.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo PP) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, PARA A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DE 2021 DESTINADOS Á LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA DE 2021 DESTINADOS Á LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19 , sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo PP) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse conta da Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa case un ano, a pandemia da COVID-19 asolou as nosas vidas e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños. Os concellos volveron a mostrar novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais dos galegos e galegas.

Durante toda esta pandemia, os Concellos de Galicia víronse obrigados a dar resposta con fondos propios a todos os gastos de competencias impropias que se viron na obriga de asumir.

O 26 de xuño de 2020, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-COVID-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar esta. Ademais, establécese o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás.

Durante toda a pandemia da COVID-19, a Xunta de Galicia ten aprobadas varias normas nas que se incrementaron as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario para poder desenvolveselas.

No mes de novembro do pasado ano, o goberno de Alberto Núñez Feijóo presentou os orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, nos que non só non contemplaba unha partida extraordinaria para os concellos para afrontar os gastos extraordinarios orixinados pola xestión da crise sanitaria, senón que inexplicablemente propoñían a redución dos fondos destinados aos concellos. Todo elo, a pesar de ter recibido uns fondos extraordinarios que para 2021 ascenden a 1.100 millóns de euros do Estado e da Unión Europea para combater a pandemia da COVID-19.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan os recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía, como se puido ver na xestión da loita contra a pandemia.

Ante este ataque completamente inxustificado ás entidades locais que castiga claramente á administración máis próxima á cidadanía, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda aos orzamentos galegos para o 2021 na que propón a creación dun fondo extraordinario destinado aos concellos co fin de establecer unha partida dotada de 100 millóns de euros para suplir os gastos relativos á COVID-19, que poida ser distribuído con criterios obxectivos.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Recoñecer e pór en valor o traballo levado a cabo polos Concellos galegos que foi e está sendo clave para loitar contra a pandemia da COVID-19.
2. Instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo extraordinario no orzamento da Comunidade Autónoma destinado ás corporacións locais dotado de, alo menos, 100 millóns de euros para este 2021 e que se reparta con criterios obxectivos.
3. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, así como a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e da concelleira do grupo Ciudadanos), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo PP) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

4 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

97555a238111e0210221924484a97a51f9a7c8cf3b054f6780f7af9bae48f553

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=MIPRy3XT4vI>